



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 3

**O dobre e a idea
dos contrarios**

ACT. 3

O dobre e a idea dos contrarios

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: *Busto bifronte de Xano*

Autor/a: Descoñecido

Data: I a. C. - I d. C.

Lugar: Mos (Pontevedra)

Técnica: Talla en pedra



Busto de granito que representa as dúas caras de Xano.

Xano é un dos deuses máis antigos de Roma e dá nome ao primeiro mes do ano.

Esta deidade frecuentemente está representada por un busto bifronte: unha cara, barbuda e anciá, mira ao pasado, e a outra cara, imberbe e moza, mira ao futuro.

ACTIVIDADE

Actividade de expresión plástica na que se traballa a idea do contrario e da dualidade e os elementos da linguaxe visual (cor, formas, composición)

Para que?

- Afondar no mundo das deidades e da cultura clásica e mais nas súas interpretacións.
- Representar a idea do contrario.
- Recoñecer elementos da linguaxe visual e establecer conexións por contraposición.

- Producir unha obra plástica nun soporte volumétrico.

Contidos

- Elementos básicos da linguaxe visual.
- A mitoloxía romana.
- Os contrarios e o dobre.
- O pensamento reflexivo.

Como se fai?

1.º Actividade de reflexión: visualización da peza de Xano para logo realizar unha serie de preguntas: que ten de particular esta escultura?, que ves nela?, que significado ten para ti?

2.º Actividade de coñecemento: explicación da peza, da época e do significado para logo falar dos contrarios, da dualidade e das ideas ou cousas que son contrapostas.

3.º Actividade de creación plástica: cada participante ten un bloque de cartón pintado nunha das súas caras con diferentes composicións. As indicación son: observar e logo realizar, na parte contraposta, unha creación plástica empregando elementos visuais contrarios (cor, tipo de liñas etc.) ao debuxo da outra cara.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Gran grupo e individual.

Materiais e recursos

Bloques con acabado de imitación de pedra pintados por unha das súas caras, pinturas (témperas, augada, acrílico), pinceis, rotuladores grosos.

